

Mércores, 10 de xuño de 2009

## Martín Trillo Presidente da comisión de festas de San Adrián de Toba, en Cee

Martín Trillo Domínguez (Vilar de Toba, Cee, 1959) foi concelleiro do PP no Concello do Cee. Tamén foi, e segue a ser, o presidente da comisión de festas de San Adrián da Toba, unha das celebracións máis queridas polos veciños da zona e que se celebrará no lugar os próximos días 16 e 17 deste mes.

-¿Cando colleu a comisión de festas de San Adrián?

-Foi en 1992. E son o único dos catro que empezamos. Agora están comigo Javier García, Anselmo Fernández e Manuel Castiñeira. Cando empecei, pedíronmo a 21 días das festas.

-¿E non está canso despois de tanto tempo?

-A verdade é que non. Teño que agradecerllo aos veciños de Toba e de Cee, que sempre colaboran e nunca nos deron unha mala contestación. Mentres o corpo aguante, seguiremos.

-¿Cal é o cartel para este ano?

-O día 16 teremos a orquestra Fania na sesión vermú e Fania e Ciclón pola noite. Antes haberá alboradas con Inllar do Couto, de Ponteceso, e con Vendaval de Fisterra, e haberá misas de oito da mañá a unha e cuarto da tarde. Despois, a procesión e, ao acabar, a tradicional poxa dos galos. Antes da poxa lanzaremos unha traca de 6.000 euros. Ao día seguinte a misa solemne será a unha da tarde. Haberá alboradas con Inllar do Couto e de orquestras, La Oca na sesión vermú e tamén de noite, con Panorama.

-Un cartel potente.

-Para facer unha festa como esta hai que traballar todo o ano. Vendemos rifas, lotería, camisetas, chaveiros. Temos que xuntar 25.000 euros e é unha aldea moi pequena.

-¿Algún cambio con respecto a outros anos?

-Tivemos que cambiar o campo da verbena. Está ao lado do outro, nunha parcela duns 5.000 metros. Fixémolo porque o camiión co palco da orquestra Panorama non collía no campo vello. Así que todas as orquestras tocarán alí, aínda que os actos relixiosos serán no mesmo sitio de sempre, diante da igrexa.

